

DE GALICIA A MAUTHAUSEN

# MEMORIA HISTÓRICA

*1ª edición, 2023*  
*1ª edición, 3ª impresión, 2024*

© Alba Garrido Fernández, 2023

© Editorial Galaxia, S. A., 2023  
Avenida de Madrid, 44, baixo - 36204 Vigo  
[www.editorialgalaxia.gal](http://www.editorialgalaxia.gal)

ISBN: 9978-84-1176-052-2  
Dep. Legal: VG 413-2023

Imaxe da cuberta  
A partir da fotografía de Shutterstock / jorangetree

Deseño da cuberta  
Hayat Husein

Maquetación  
Alba Pernas

O papel utilizado neste exemplar é reciclable,  
libre de cloro e obtido dunha xestión forestal sustentable.

ALBA GARRIDO FERNÁNDEZ

# DE GALICIA A MAUTHAUSEN

As traxectorias vitais dos deportados galegos  
aos campos de concentración da alemaña nazi





*Este traballo non sería posible sen a axuda inestimable de Antonio Míguez Macho, doutor en Historia Contemporánea e profesor na Universidade de Santiago de Compostela, á vez que apoio fundamental na dirección deste proxecto de investigación.*



*Da liberdade á morte,  
da casa á fronte,  
a semente da vosa loita  
segue a medrar.*

*Dun mes de abril a outro de xullo,  
da ledicia ao medo, un paso,  
mais o corazón e a verdade  
sempre tiveron as de gañar.*

*Da fisterra ao centro da vella Europa,  
tras a infame derrota,  
mais non vos fixo quebrar.*

*Descubristes o terror, o medo,  
pero sempre co latexo de vivir.*

*Outra nube escura  
tremeu os cimentos da democracia;  
sós ante o que semellaba morrer,  
outra vez a comezar,  
entoando desde a alma,  
o himno de Riego.*

*Os primeiros en entrar no coeur de París,  
símbolo do sangue derramado  
nos sendeiros da desgraza.*

*Unha década dun conflito sen fin,  
case un século despois,  
hoxe honramos o voso vivir.  
Non esqueceremos, sen dubidar,  
o gran legado que nos deixou  
o voso respirar.*

CARLOS LOZANO. *Cemiterio de Père-Lachaise*, París.  
Xaneiro de 2022.



## I

### UNHA APROXIMACIÓN BIOGRÁFICA: VIDA E POLÍTICA ANTES DE 1936


VIDA: 1. Tempo que vai dende o nacemento ata a morte dun ser vivo e sucesión de fenómenos ou circunstancias que neste tempo teñen lugar. 2. Maneira de vivir con relación ás circunstancias, condicións, carácter, ocupación, profesión etc.

Carpinteiro e mariñeiro. Estatura de 1,65 m, delgado, cara alongada, ollos marróns, nariz torta, boca grosa, pelo negro e cicatrices nos pés.

Ficha do prisioneiro de Buchenwald,  
ANTONIO LAMAS JUEGUEN.

Como punto de partida para a análise das particularidades, tanto xerais coma específicas do total dos deportados galegos a campos de concentración da Alemaña Nazi que figuran na base de datos elaborada como sustento desta investigación, levaremos a cabo, en primeiro lugar, un estudo sobre as súas orixes baseado na procedencia, perfil socioeconómico, político e profesional. Cómpre contextualizar os seguintes datos dentro do século XX, un século de progresiva diversificación económica, de modernización e con grandes cambios na sociedade galega das décadas de 1920 e 1930.

En primeiro lugar, estudar a procedencia dos deportados dentro do territorio galego é fundamental para comprobar se é posible establecer unha correlación entre o número relativo de deportados e os comportamentos ou condutas propias de territorios concretos. Para iso, elaboramos o seguinte mapa dos concellos de Galicia no que representamos, de xeito visual, o número total de deportados naturais de cada municipio galego.



Fonte Carlos Lozano: Elaboración propia a partir do Instituto Xeográfico Nacional (IXN) e datos obtidos de Bermejo e Checa (2006), Barrera Beitia (2012), BOE (9-VIII-2019).

A nivel xeral observamos que as tonalidades máis escuras se corresponden coas cidades da Coruña e Vigo, con 21 e 14 deportados respectivamente, seguidas de Ferrol con 9 e Pontevedra con 7. A nivel rexional apreciamos unha primeira concentración en diversos puntos da costa, caso da zona ártabra cos devanditos casos da Coruña e Ferrol, así como Mugardos, que suma 5 deportados, e Betanzos con 2; da Costa da Morte aparecen en Dumbría 4 casos e en Malpica de Bergantiños 3; e algúns concellos das Rías Baixas: A Pobra do Caramiñal con 7, Vilagarcía de Arousa con 5, Redondela ou Ribeira con 4 cada un. Asemade, outro foco son diversas zonas do interior das provincias de Ourense, caso de Entrimo con 4 e de Monterrei, Larouco e Paderne de Allariz, con 3 deportados cada un; e de Lugo, onde se presentan os maiores casos no concello da capital, con 5, Cervantes co mesmo número, Becerreá con 4 ou Ribas de Sil con 3.

A estrutura socioeconómica da poboación traballadora, xunto coa evolución do movemento obreiro en Galicia, podería axudar a comprender a concentración de deportados nas zonas de Galicia que acabamos de mencionar. Fronte á composición maioritaria dun campesiñado propietario que presentaba a sociedade galega a principios do século XX (un 65 por cento da poboación activa no 1930 dedicábase á agricultura e á pesca) comezará a ter un gran peso na sociedade a burguesía industrial e comercial radicada nas cidades de Vigo e A Coruña, organizada en patronais conserveiras ou en sociedades de intereses. A ocupación nos sectores industriais e de servizos pasou dun 15 por cento en 1900 a un 39 por cento en 1933 se incluímos

os traballadores da pesca e minaría. Nas provincias da Coruña e Pontevedra case a metade da poboación activa no quinquenio republicano non estaba ocupada na agricultura, senón que os centros industriais costeiros, caso das conserveiras e dos estaleiros, eran os que atraían a maior parte dos asalariados dos territorios. Tamén se incrementa a concentración fabril con industrias como o arsenal militar de Ferrol, onde a partir de 1907 se superaron os catro mil traballadores. Cara a 1930 o número de proletarios industriais en Galicia sería, segundo as estimacións de G. Brey, de 182.147, un 20 por cento da poboación activa. Aínda así, non podemos esquecernos do peso máis que evidente de artesáns agrupados en pequenas sociedades case gremiais de canteiros, carpinteiros ou xastres. Máis aló dos centros industriais, tamén a burguesía asentada nas principais cidades e vilas cabeceiras de comarca, onde desenvolvía un amplo abano de funcións (comercio, banca, préstamo e administración), adquire un perfil específico. Comezan a despuntar profesionais de diferente tipo: enxeñeiros, arquitectos, veterinarios, pequenos comerciantes ou obreiros de gran diversidade laboral ofrecendo un panorama que protagoniza importantes mudanzas internas. Entre as profesións que desempeñaban os membros do colectivo que analizamos, destacamos maioritariamente os mariñeiros, labregos, carpinteiros, mecánicos, xastres ou mineiros. Tamén nos atopamos con gardas de asalto, cabos de artillería, enfermeiros, profesores, estudantes e incluso futbolistas.

Malia isto, non son moi abundantes os datos cos que contamos, en canto á cuestión, do lugar no que se

atopaban no momento do golpe de Estado e a afiliación política, para presentar un perfil global dos máis de 200 casos que coñecemos, mais si podemos amosar algunha desas características no perfil de 53 deles. Na táboa (ANEXO 1), pois, podemos apreciar os apelidos, nome, concello de procedencia, se se atopaban en Galicia no momento do golpe, a profesión e a afiliación política de cada un deles. Temos constancia de que 15 deportados foron membros das Milicias Populares Galegas (MPG), razón que nos leva a pensar que non se atopaban en Galicia en xullo de 1936, coma moitos dos que aquí presentamos, aínda que non podemos concretar unha cifra exacta. Para precisar o perfil socioeconómico, político e profesional dos deportados, podemos exemplificar por dúas vías: ben a través de casos concretos que nos amosan certas características comúns dun gran número deles, ben analizando certas especificidades que comparten unicamente un, dous ou tres casos determinados.

Un caso común foi o de Joaquín Balboa, quen naceu na parroquia de Estevesiños (Monterrei) o 22 de agosto de 1908. Membro dunha familia numerosa dunha pequena aldea situada ao sur da provincia de Ourense, Joaquín, coma moitos outros galegos tivo que saír da súa terra para escapar da pobreza. Casou con Julia, veciña do mesmo lugar, e ambos os dous emigraron a Barcelona, onde en 1930 naceu o seu único fillo. En Barcelona Joaquín empregárase como peiteador no Sindicat de Cecs de Catalunya, un traballo que lle acabaría salvando a vida no campo de concentración. O perfil que podemos presentar de Joaquín está presente en moitos dos deportados: orixina-

rio dunha aldea galega, vese obrigado a abandonala en busca dunha mellora económica, sendo un motivo que explica que moitos deles non se atopasen en Galicia no momento do golpe.

Caso similar foi o de Ramón Diz Rivas, nado o 15 de outubro de 1897 en Vilaxoán (Vilagarcía de Arousa). Exerceu como mariñeiro fogueiro e en 1921 trasladouse a Erandio (Biscaia), onde contraeu matrimonio e tivo dous fillos. Do mesmo xeito, Marcial Otero Abión, orixinario de Covelo (Pontevedra) e membro dunha familia labrega, en 1935 atopábase traballando en Lisboa como servente; e Antonio Pérez Pérez, nado nunha pequena aldea de Boborás (Ourense), foi outro dos rutineiros casos de emigración da década de 1920, primeiro a Asturias e despois a Francia. Este último asentouse na vila vasco-francesa de Baiona, onde casou e tivo unha filla, mentres traballaba de mineiro e na construción de estradas.

Pola súa parte, Ramón Muñiz Hermida, quen naceu o 14 de marzo de 1907 nunha parroquia de Meaño (Pontevedra) e dentro dunha familia numerosa de trece fillos, deixounos máis datos. Ingresou no servizo militar en novembro de 1928 e foi destinado no batallón de Cazadores de África en Larache. En marzo de 1930 foille concedida unha licenza ilimitada, polo que puido regresar á súa vila natal, e ese mesmo ano casou para logo ter tres fillos. Respecto á súa ideoloxía, Ramón era afiliado á UXT e considerábase profundamente socialista. En 1934 recibira autorización para navegar por augas españolas e estranxeiras, polo que se embarcou en 1935 como cociñeiro e abandonou o seu traballo de fragueiro nos montes. Dende ese momento non volveu

reencontrarse coa súa familia. Segundo o relato familiar, tras o pronunciamento militar Ramón e mais o seu irmán Manuel atopábanse en Sevilla. Intentaron conseguir armas e chegaron a ser detidos no cárcere novo da cidade, mais Ramón fíxose pasar por un mariñeiro que non sabía o que acontecía, servindo a argucia para pólo en liberdade.

En síntese, o perfil de Ramón amósanos tamén certas particularidades presentes en moitas das personalidades que analizamos para o traballo: membro dunha familia numerosa nunha aldea da provincia de Pontevedra, ingresa no servizo militar, sindicalista e republicano que, dende meses antes do golpe, non volverá reencontrarse coa súa familia nin regresar a territorio galego.

Igualmente, Isolino Torres Fernández orixinario de Alba, actual parroquia do concello de Pontevedra, naceu nunha familia de labregos e fixo o servizo militar en 1930. Foi asignado á 3ª compañía do rexemento de Infantería de Guipúscoa e a súa unidade, en decembro dese ano, foi enviada a Jaca para frear a sublevación contra Afonso XIII e a *ditabrandia* do xeneral Dámaso Berenguer tras a dimisión de Miguel Primo de Rivera. O seu traballo foi recoñecido nun informe posterior no que se mencionaba o seu alto espírito e actuación na defensa da orde e das institucións. En 1931, estando en Vitoria co seu batallón, ingresou no Hospital Militar e declarárono inútil total para o servizo por pleuresía crónica e debilitación do estado xeral. A partir dese momento retornou a Galicia, permanecendo, polo menos, ata 1936.

De Manuel Fernández Parada, nado o 6 de outubro de 1916 en Ribeira (A Coruña), sabemos que

levou a cabo o servizo militar en Valencia; mentres que o pontevedrés Macario Cortegoso Rodríguez, nado na cidade do Lérez o 20 de agosto de 1908 pero residente en Alcalá de Henares (Madrid), estaba afiliado ao PCE. Pola súa parte, Francisco Pena Romero, nado en Boiro (A Coruña) o 6 de xaneiro de 1909, traballaba como mariñeiro e na panadería familiar. Tras a sublevación decide agocharse, sabendo que as súas ideas socialistas e republicanas e o seu activismo na UXT requisándolle armas á xente de dereitas durante o Goberno da República traeríalle graves consecuencias. Na mesma liña estivo Manuel Pérez Taboada, nado en Xeve (Pontevedra) e tamén membro dunha familia numerosa. O seu oficio era o de xastre e en 1936 estaba afiliado á UXT, tal e como recolle un informe da Prefectura de París de 1946, onde, amais, se engadían as súas posturas anarquistas. O morraceiro José Ferradás Pastoriza, nado o 16 de maio de 1912 en Bueu (Pontevedra), dedicábase á pesca de baixura, tiña ideas socialistas e era sindicalista; o mariñeiro José Fidalgo Pérez, orixinario de Arzúa (A Coruña), militaba na CNT. Pola súa parte, o lugués José Sánchez Pardo era garda de asalto no intre da sublevación e Manuel Piñeiro Agulleiro, orixinario de Dumbría e nado o 26 de decembro de 1912, superou as probas para entrar nese corpo de seguridade en Barcelona, aínda que rematou destinado en Madrid.

Senlleiro foi o caso do vigués Ricardo Rodríguez Fernández, nado o 19 de marzo de 1910; futbolista de 26 anos, fora seleccionado pola delegación galega para a Olimpíada Popular que se ía celebrar en xullo



de 1936 en Barcelona, mais foi suspendida tras a insurrección militar. Durante a guerra incorpórase á Garda de Asalto, aínda que rematará como tenente de infantaría. Do mesmo xeito, Marcelino Pardal Pouso, nado o 2 de novembro de 1917 e militante das Xuventudes Libertarias, tamén era futbolista profesional do Racing de Ferrol. De Antonio Cendán Rodríguez, ferrolán, e Adolfo Bregua Muriño, coruñés, tamén se destaca a súa habilidade por este deporte e a afiliación deste último ao sindicato anarquista. Dentro deste tipo de profesións menos numerosas, dentro da limitacións da nosa investigación, podemos destacar o caso do profesor e militante da CNT coruñés Juan González del Valle, quen nacera na cidade herculina o 14 de outubro de 1898. En conclusión, observamos que existe unha maioría de traballadores manuais procedentes, de xeito absoluto, do mundo rural.

En referencia á afiliación política do total dos exemplos, só coñecemos 34 casos, o cal representa un 16 por cento do total. Esta pequena mostra lévanos a observar unha forte tendencia á sindicación na CNT e na UXT e unha militancia política maioritaria no PCE<sup>1</sup>. Os militantes do sindicato anarquista, pois, proceden dos concellos de Cerdedo-Cotobade, Malpica de Bergantiños, Vilagarcía de Arousa, Betanzos, Noia, A Coruña, Arzúa, Castro Caldelas, A Guarda, A Pobra do Caramiñal e Becerreá<sup>2</sup>. Concordando co que men-

1. A información referida á militancia e afiliación política dos deportados obtívose a través das fichas políticas empregadas polo aparato represor do franquismo e localizadas no Centro Documental da Memoria Histórica.
2. Os nomes dos pertencentes ao sindicato anarquista CNT seguindo a orde dos concellos arriba mencionados son os seguintes: Martín Ferreiro Álvarez, Antonio Suárez Blanco, Antonio Lamas Jueguen, Antonio Quintáns Romero, José

cionamos anteriormente, apréciase unha clara presenza dos territorios da costa da provincia de Coruña e das Rías Baixas.

Ao sindicato socialista pertencerían 7, repartidos nos municipios de Ourense, Carnota e Pontevedra, con dous militantes de cada concello, Boiro, Meaño e Bueu. Igualmente, vemos reflectida a importancia que tivo a UXT na provincia de Pontevedra, aínda que tamén conta con presenza en Ourense e na Coruña<sup>3</sup>. Pasando ao Partido Comunista, temos constancia da afiliación de catro deportados, repartidos entre os concellos de Ferrol, Outeiro de Rei, Pontevedra e Ourense<sup>4</sup>.

Se nos remitimos aos datos da táboa, vemos que os militantes deste partido, agás Manuel Rodríguez Louro, quen residía en Dumbría o 18 de xullo de 1936, estaban vivindo en Madrid e Barcelona, o que amosa a tendencia xeral da escasa militancia comunista de antes da guerra en Galicia. Do Partido Socialista Unificado Catalán (PSUC) contamos con dous exemplos de galegos residentes en Cataluña: o do pontevedrés Urbano Sanmartín Abilleira e o natural de Entrimo, Abilio Álvarez Fernández, quen se atopaba afiliado ao este partido na vila de Reus (Tarragona). Pola súa parte, só temos constancia da pertenza ás Xuventudes Libertarias do allarizao Eliberto Fernández Cid.

Naveira Campos, Manuel Figueroa Lires, Adolfo Bregua Muriño, José Fidalgo Pérez, Isauro González Prada, Ángel Gómez Cortés, Francisco Caamaño Fernández e Ramón Gómez López.

3. Os nomes dos pertencentes ao sindicato socialista UXT seguindo a orde arriba mencionada son os seguintes: Antonio Araújo González, Serafín Blanco Valcárcel, Manuel Pérez Taboada, Urbano Sanmartín Abilleira, Francisco Pena Romero, Ramón Muñiz Martínez e José Ferradás Pastoriza.
4. Os nomes dos pertencentes ao PCE seguindo a orde arriba mencionada son os seguintes: Manuel Rodríguez Louro, Aurelio Díaz Hortas, Macario Cortegoso Rodríguez e Joaquín Balboa García.

Asemade, tamén contamos co senlleiro e estudado caso de Martín Ferreiro Álvarez; de orixe pontevedresa, natural de Outeiro, en Quireza, parroquia de Cerdedeo, actual Concello de Cerdedo-Cotobade, estivo afiliado dende o 1931 ao Partido Republicano Radical Socialista. Concelleiro na cidade da Coruña baixo o mandato de Ángel Senra durante o inicio da Segunda República, en 1934 fora elixido vogal do seu partido e posteriormente nomeado tenente de alcalde baixo o mandato de Alfredo Suárez Ferrín.

Á Federación Universitaria Española (FUE) pertencía Francisco Cortés Martínez, natural de Calvos de Randín (Ourense) e estudante de Veterinaria na Universidade Central de Madrid, institución onde o seu irmán, estudante de arquitectura, tamén estaba vinculado á organización estudantil. Posteriormente subscribiríase á causa anarquista de Ángel Pestaña co Partido Sindicalista. Por último, as Xuventudes Socialistas Unificadas contaron coa presenza do ourensán, tamén afiliado ao sindicato socialista, Serafín Blanco Valcárcel.

Finalmente, e atendendo ao número total de deportados por provincia en relación coa poboación total de cada unha delas segundo datos de 1940, a provincia que maiores proporcións amosa é Ourense con 47 deportados repartidos en 29 concellos dentro dos máis de 450.000 habitantes que tiña segundo aquel censo. Estes concellos por orde de maior a menor presenza son: Ourense e Entrimo con 4; Monterrei, Larouco e Paderne de Allariz con 3; Allariz, O Bolo e San Cibrao de Viñas con 2; A Pobra de Trives, A Rúa, A Veiga, Avión, Baltar, Boborás, Calvos de Randín, Cartelle, Castro Cal-

delas, Coles, Maceda, Montederramo, O Carballiño, Padrenda, Petín, Quintela de Leirado, Ramirás, Ribadavia, San Cristovo de Cea, Sarreaus e Vilar de Barrio con 1 cada un<sup>5</sup>.

Estaría seguida da Coruña con 83 deportados dentro dos 883.090 habitantes que posuía naquel intre, repartidos á súa vez nos seguintes 30 concellos: A Coruña con 21; Ferrol con 9; A Pobra do Caramiñal con 7; Mugardos con 5; Dumbría e Ribeira con 4; Malpica de Bergantiños con 3; Ares, A Capela, Betanzos, Boiro, Ortigueira e Zas con 2; As Somozas, Ames, Arzúa, Carnota, Carral, Cedeira, Fene, Fisterra, Monfero, Muros, Negreira, Noia, Paderne, Sada, Valdoviño, Vilasantar e Vimianzo con 1 caso cada un<sup>6</sup>.

En terceiro lugar, temos a provincia de Lugo con 36 deportados dentro de 512.735 habitantes e distribuídos en 15 concellos. Cervantes e Lugo con 5; Becerreá con 4; Ribas de Sil e Viveiro con 3; As Nogais, Pol e Sarria con 2; e A Fonsagrada, Monforte de Lemos, O Corgo,

5. Na provincia de Ourense contamos co caso de tres persoas das que non foi posible coñecer o concello de orixe: Manuel López Martínez aparece na documentación como procedente de Señorín que segundo o INE pode pertencer, na provincia de Ourense, ao concello do Carballiño ou ao de Castelo de Miño. No rexistro civil de ambos os dous concellos afirman que non se atopa o rexistro de nacemento de Manuel na data indicada (25-VIII-1915). O segundo caso é o de Alberto Suárez Gallego, aparecendo na documentación como orixinario de Celanova ou da Bola. Do mesmo xeito, ambos os rexistros civís afirmaron non posuír o rexistro de nacemento de Alberto Suárez na data indicada (24-IV-1918). O mesmo acontece co ourensán Jesús Vázquez Valdominos, aparecendo na documentación como procedente de Cujas ou Ouxo. Con posibles derivacións do nome incluídas, Jesús podería ser orixinario, segundo o INE, dos concellos de Rairiz de Veiga, Cenlle, Montederramo, Ourense, A Veiga, San Cibrao ou A Pobra de Trives. Menos os últimos dous concellos que non responderon, o resto afirma non posuír o seu rexistro de nacemento.
6. Na provincia da Coruña contamos cun caso, o de Manuel Barreiro Bugliot, do que descoñecemos o concello de orixe.

O Saviñao, Outeiro de Rei, Ribadeo e Samos con 1 caso cada un son os municipios afectados<sup>7</sup>.

Finalmente, a provincia de Pontevedra con 42 deportados para unha poboación de 641.763 habitantes, presentes en 12 concellos: Vigo con 14; Pontevedra con 7; Vilagarcía de Arousa con 5; Redondela con 4; A Guarda, Bueu, Cerdedo-Cotobade e O Grove con dous casos; Covelo, Meaño, Nigrán e Vilanova de Arousa con 1 caso cada un.

De novo, apreciamos que a maioría dos deportados procedían da contorna rural, sendo a tónica dominante, a excepción dos casos das urbes da Coruña (A Coruña e Ferrol) e de Pontevedra (Pontevedra e Vigo). Por outra banda, podemos advertir un gran número de concellos que unicamente contan con un caso, 49 concellos en total, localizándose principalmente nas provincias de Ourense (21) e da Coruña (17). Pola contra, apreciamos un baleiro en zonas como A Terra Chá, Chantada, a comarca do Deza, Ordes, Caldas, Viana e as Terras de Melide.

Por outra banda, coñecer a data de nacemento de cada unha das persoas que estamos tratando é importante para así analizar a idade dos afiliados aos sindicatos e partidos que arriba comentamos, igual que a idade no momento da deportación, morte ou liberación. A maior parte dos 203 deportados dos que coñecemos a súa data de nacemento, case un 61 por cento, naceron na década de 1910. Isto quere dicir que a maioría tiñan entre 10 e 20 anos no intre da pro-

7. Na provincia de Lugo contamos co caso de tres persoas das que non coñecemos o concello de orixe: José Fenández Santín, Cástor Martínez Parada e Servando Pereira Basanta.

clamación do réxime republicano e entre 20 e 30 en 1940, data na que figura a deportación dos primeiros españois. Posteriormente, un 26 por cento naceron na década de 1900, chegando á data de 1940 cunha idade entre os 30 e os 40 anos; tamén observamos que, a niveis mínimos, un 7 por cento nacera na década de 1890, un 1,5 por cento na previa de 1880 e case un 4 por cento na de 1920<sup>8</sup>. Un dato a ter en conta é que a maior parte dos afiliados aos sindicatos socialista e anarquista, así como ao PCE, naceron na primeira década do século pasado.

En conclusión, debemos ter en conta que a análise que estamos a levar a cabo se sustenta nas investigacións realizadas ata a actualidade, non seguindo unha homoxeneidade nas catro provincias. Así, mentres en territorios como a provincia de Ourense estanse a acadar importantes avances nesta cuestión, a provincia de Lugo adoece dunha fonda investigación primixenia<sup>9</sup>. En definitiva, observamos como un gran número dos deportados manteñen unhas características comúns ou bastante semellantes en base ao perfil social, profesional ou político que os levarán a saír de España dun xeito ou doutro.

8. Descoñecemos a data de nacemento dos deportados Manuel Barreiro Bugliot, Teófilo Caamaño, Manuel Espasandín, Juan González Pillado e José Sánchez Pardo.
9. A zona da costa ártabra conta cun gran labor de investigación da man do historiador Enrique Barrera Beitia, do mesmo xeito que na zona de Ourense a Asociación para a Recuperación de Memoria Histórica está levando a cabo importantes tarefas de visibilidade dos deportados neste territorio, ademais de fomentar a publicación de obras relativas a esta cuestión.